



### DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 20.1 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa Consistorial o próximo día **26 de setembro de 2013 ás 20:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatar os asuntos relacionados no seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### I) PARTE RESOLUTIVA

- 1º.- Aprobación das actas das sesións extraordinaria de 16 e 19 de xullo e ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2013.
- 2º.- Aceptación acta dos novos Concelleiros D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias e D<sup>o</sup> Luis Rodríguez Vázquez.
- 3º.- Integración dos novos concelleiros no Grupo Municipal PSdeG-PSOE e designación de voceiro.
- 4º.- Aprobación Conta Xeral do exercicio 2012
- 5º.- Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda o Fogar do Concello de Silleda.
- 6º.- Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Silleda.
- 7º.- Aprobación, se procede, do cambio de hora das sesións ordinarias do pleno da corporación.
- 8º.- Aprobación, se procede, de dúas dedicacións a tempo parcial.
- 9º.- Festivos Locais ano 2014

#### II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

##### 10º.- MOCIÓN

- 10.1.- Moción do BNG para apoiar as demandas do colectivo de extinción de lumes e emerxencias
- 10.2.- Moción do BNG para estudar a posíbel peonalización do entorno da Praza da Feira da Bandeira.
- 10.3.- Moción do BNG sobre a utilización partidista dos informativos da TVG
- 10.4.- Moción do BNG sobre o mantemento da reprobación política e revbaixa do salario do Alcalde-Presidente do Concello de Silleda
- 10.5.- Moción do BNG para que se tomen as medidas necesarias para paliar os danos causados pola vaga de lumes e se poña en marcha unha nova política contra os incendios
- 10.6.- Moción conxunta dos tres grupos políticos municipais de Silleda (PSdeG-PSOE, PP e BNG) sobre a creación dunha escola deportiva municipal de golf rústico.
- 11º.- Dar conta das resolucións da Alcaldía dos meses de xullo e agosto de 2013.
- 12º.- Rogos e Preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, con acompañamento do borrador da acta da sesión anterior, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e comunicándose aos medios de comunicación.

En Silleda a 23 de setembro de 2013

O ALCALDE

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Ante mim

O Secretario Xeral  
Asdo. Francisco J. Oubiña Lodeiro